

21 de xaneiro de 2008

Hoxe celébrase a II Conferencia Sectorial da Muller

Amnistía Internacional denuncia a falta de coherencia entre Comunidades Autónomas na resposta á violencia de xénero

As mulleres inmigrantes seguen sendo as máis desprotexidas

Vigo.- Con ocasión da II Conferencia Sectorial da Muller, convocada hoxe polo Ministerio de Igualdade e que reúne ás Comunidades e Cidades Autónomas, **Amnistía Internacional pide ás autoridades españolas que establezan medidas para acabar coa falta de coherencia entre Comunidades Autónomas na loita contra a violencia de xénero.**

As Comunidades Autónomas teñen importantes responsabilidades en materia de atención sanitaria, asistencia integral ás vítimas e administración de xustiza –nos 11 casos en que está transferida esta competencia-. Porén, **as vítimas de violencia de xénero son tratadas de distinta forma e teñen acceso aos recursos en distinto grado** dependendo do lugar onde se atopen.

A Conferencia celébrase dous días despois de que o Goberno presentase o balance de denuncias e homicidios por violencia de xénero en 2008. Amnistía Internacional considera que, ante estas cifras (nas que se inclúen 70 mulleres vítimas de homicidio de xénero no 2008 – e sete casos en estudo-, das que 16 presentaran denuncia e nas que destaca o aumento de vítimas inmigrantes – ata un 44,3% dos casos-), **os participantes na Conferencia deben lograr acordos que garantan o establecemento de estándares mínimos na resposta institucional ante a violencia de xénero en todo o territorio do Estado**, de modo que todas as vítimas teñan igualdade de acceso aos servizos, axudas, protección e xustiza, independentemente do lugar onde se atopen e da súa situación administrativa.

Estes estándares mínimos deben resolver as numerosas deficiencias que aínda presenta a resposta institucional á violencia de xénero no **ámbito sanitario**, na **atención integral** a vítimas, na **asistencia letrada** especializada ou na **administración de xustiza** (ver Anexo adxunto para máis detalles sobre cada un destes puntos).

A situación das mulleres inmigrantes

Amnistía Internacional mostrou preocupación en varias ocasións pola situación de especial vulnerabilidade das mulleres estranxeiras, máis aínda cando se atopan en situación administrativa irregular.

Neste sentido, as novas estatísticas presentadas polo Goberno sacan de novo a relucir que as mulleres inmigrantes continúan sendo un colectivo cun risco moito maior de morrer a mans das súas parellas ou ex parellas ao estaren discriminadas na lexislación e na práctica. Ademais seguen afrontando importantes obstáculos no acceso á xustiza e á autonomía económica.

Amnistía Internacional celebra que o “*Plan de Atención e Prevención da Violencia de Xénero en Poboación Estranxeira Inmigrante 2009-2012*”, aprobado o pasado 9 de xaneiro no Consello de Ministros, prevea que o anteproxecto da *Lei de Estranxería* inclúa a posibilidade de outorgar o permiso de traballo ás vítimas de violencia de

COMUNICADO

AMNISTÍA
INTERNACIONAL 

AMNISTÍA INTERNACIONAL
Galicia

Marqués de Valladares 12, 3º,
oficina 9
36201 VIGO

T: +34 647 084 640
prensa.galicia@es.amnesty.org
www.es.amnesty.org

xénero inmigrantes con orden de protección que obteñan o permiso de residencia temporal, así como ás mulleres reagrupadas en situación de maltrato acreditado.

Porén, as mulleres inmigrantes en situación irregular seguen sen poder acceder na práctica ás axudas económicas previstas na Lei Integral, sen que se tomasen medidas para abordar esta discriminación.

Tampouco teñen acceso ás axudas xerais que se perciben a través da Renda Activa de Inserción para demandantes de emprego.

Por último, **a organización tamén lamenta que o plan non inclúa a retirada da instrución 14/2005 da Secretaría de Estado de Seguridade**, que ordena aos axentes policiais que, ademais de seguir o protocolo común de trato a vítimas de violencia de xénero, ante a chegada dunha vítima estranxeira investiguen se a súa situación é irregular (ver Anexo adxunto para máis información).

/// FIN

Amnistía Internacional Galicia - Equipo de Medios de Comunicación
Alberto Estévez
Telf. 647 084 640

Documentos e comunicados de prensa
www.es.amnesty.org

COMUNICADO

AMNISTÍA
INTERNACIONAL 

AMNISTÍA INTERNACIONAL
Galicia

Marqués de Valladares 12, 3º,
oficina 9
36201 VIGO

T: +34 647 084 640
prensa.galicia@es.amnesty.org
www.es.amnesty.org